

## A ELABORACIÓN DUN DICCIONARIO GALEGO-ALEMÁN

*Michaela Andrea Kuchenreuther*

Universität Hamburg

No mes de agosto de 1995 comezouse a elaboración dun dicionario galego-alemán<sup>1</sup> e o primeiro ano de traballo serviunos para o conformar na súa feitura xeral e máis para redacta-la letra “A”<sup>2</sup>.

Nesta achega queremos en primeiro lugar dar unha idea breve da estrutura do dicionario no cal estamos a traballar e, en segundo lugar, presentar unha serie de problemas de equivalencia cos cales nos fomos atopando durante a súa elaboración. Algunha destas complicacións son comúns a calquera labor de lexicografía bilingüe, e outros son específicos do contraste entre unha lingua románica e unha xermánica, neste caso entre o galego e o alemán. Cando queremos transportar unha idea dunha lingua a outra a través de signos, sexan xestos, palabras faladas ou escritas, temos que acha-lo xeito de asegura-la equivalencia. É como se estivesemos na beira dun río coa nosa idea, co noso significado, e tivesemos que facer unha ponte para chegarmos á outra beira, que é a lingua de chegada. Pero entre as diferentes linguas hai ríos de diferente largura; por exemplo, é máis difícil construír unha ponte entre unha lingua románica e unha lingua africana ca entre dúas linguas románicas. Cando facemos un traballo de interpretación ou de tradución temos bastante liberdade para construír ou reconstruír esa idea, porque transportamos anacos de texto, frases e podemos e debemos moitas veces cambia-la sintaxe, podemos acudir a paráfrases. É dicir no nivel do significante gozamos de bastante liberdade con tal de chegarmos coa idea a salvo á outra beira. Elaborando un dicionario atopámonos con que cada palabra está arraigada dentro dunha etimoloxía, é

<sup>1</sup> Esta obra lexicográfica estase a desenvolver dentro do proxecto de dicionarios bilingües no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, coordinado polo profesor de filoloxía románica e académico de número da Real Academia Galega Manuel González González.

<sup>2</sup> A redacción da letra centrouse sobre todo no nivel de contido; é dicir, aínda sen transcripción fonética e con informacións gramaticais incompletas. Temos en conta que pode e ten que haber cambios nas pautas, xa que a maioría dos problemas xorden durante a redacción. A máis longo prazo preténdese complementalo, nunha segunda xeira, coa parte inversa, o dicionario alemán-galego, formando ámbalos dous un corpus pechado.

dicir, dentro dunha rede diacrónica, que non pode ser reflectida. Por outra banda vemos unha rede sincrónica, na que atopamos outros problemas: termos cun significado parecido, termos sinónimos, contextos nos que pode aparecer cada palabra, a súa colocación, etc. Así que procurando encontrarlle a unha entrada galega un termo correspondente vemos que poucas veces se corresponden os dous, é dicir que poucas veces temos por un termo galego un equivalente exacto en alemán, como acontece cos días da semana ou dos meses. Estes en galego teñen un só significado, mentres que a maioría das palabras dunha lingua teñen varias acepcións, que teñen que aparecer dun xeito ou outro segundo o tamaño do dicionario.

Pero tamén debemos de ter en conta que cada lingua pertence a unha terra coas súas mentalidades, costumes, filosofía, etc.; é dicir, que expresa unha realidade extralingüística diferente e o xeito de organiza-los diversos conceptos varía en cada idioma. Por exemplo, nos verbos referidos a ‘mover unha cousa’ é moi importante en galego o trazo ‘dirección de movemento’ mentres que en alemán é moito máis importante a maneira de move-la cousa (empuxala, turrar dela, erguela, pousala, etc.). De aí que as máis das veces unha palabra pódese ou tense que traducir con diferentes termos na lingua de chegada ou viceversa. Pero tamén vemos que non é sempre posible ofrecer un termo na lingua de chegada, e certos intentos á forza deron lugar nalgúns dicionarios a palabras que non existen, sen ningunha explicación, en consecuencia na parte inversa do dicionario, estes “termos inexistentes” non aparecen e deixan a persoa que o consulta bastante confundida. A maior dificultade para o lector no momento de consultar unha palabra consiste en que se ofrecen en principio lexemas sen contexto que as modifique. É deber do dicionario bilingüe supli-la falta de contexto cunha microestrutura detallada. Esta, por unha banda, ten que ofrecer para unha entrada, é dicir para un lexema na lingua de saída, sememas na lingua de chegada, que a especifiquen e clasifiquen. Por outra banda as diversas traducións da entrada débense presentar de tal xeito que sexan sememas claros, é dicir que se concreten dentro do seu contexto sobre as súas variantes de significado na lingua de chegada. Trátase de subministrar un paradigma amplo de significados que pode ter un lexema na lingua de saída con sememas coa máxima monosemántica posible na lingua de chegada.

As esixencias da microestrutura dun dicionario dependen sobre todo do seu destinatario. No noso caso procuramos deseñalo para un grupo de usuarios bastante amplo e xeral: non se está a pensar, por exemplo, en tradutores ou en tradutoras de textos específicos nin nun dicionario escolar ou de aprendizaxe, senón máis ben nunha obra de consulta de carácter xeral. Tense a intención de achegarse tanto á xente de fala alemana como a de fala galega; é dicir, que se quere elaborar un dicionario bidireccional. Aínda que na discusión teórica se defende con frecuencia a idea de crear diversos dicionarios segundo o seu destinatario ou as súas funcións, cremos que se poden unir varias funcións nun mesmo dicionario. O noso, ó usuario de lingua nai alemana debe axudalo tanto para a simple comprensión dun texto galego coma para traducir ou re-

escribir un texto galego en alemán; e, en consecuencia, ó usuario de lingua nai galega débelle servir para traducir ó alemán<sup>3</sup>.

Para configura-la base da súa macroestrutura sérvenos de base o dicionario monolingüe elaborado polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, publicado en 1990. Somos conscientes de que se trata dun corpus reducido, pero que nos fornece unha escolma representativa, de doce mil voces, do galego actual. Amais no ámbito da microestrutura facilitáno-lo traballo por dáno-las acepcións máis importantes de cada entrada. Seguindo a enumeración de acepcións do dicionario monolingüe ofrecemos non soamente as variantes de significado na lingua alemana, senón tamén polo menos, unha frase de exemplo por cada acepción. As frases de exemplo posibilitan unha especificación bastante exacta da variante. O que vaian así mesmo en galego e non só en alemán axudan á rápida e mellor comprensión do contexto tamén para unha persoa con poucos coñecementos da lingua alemana. As entradas levarán, por suposto, a usual información gramatical, fonética, etc. Cando é necesario o termo equivalente alemán vai acompañado de explicacións ou comentarios suplementarios. Para conseguir dar sempre unha idea verdadeiramente paradigmática de cada entrada mantense a distribución das acepcións galegas, a non ser que a palabra galega corresponde nas súas diversas acepcións a unha soa voz alemana. Noutros casos desglosamos algunha acepción do dicionario galego, porque a visión desde o alemán presenta unha clara diferenciación de matices, que son expresados por voces diferentes. No momento da elaboración da parte inversa precisárase enriquece-lo dicionario con entradas alemanas que son necesarias para representar mellor a realidade extralingüística do alemán.

Despois de darmos unha idea breve sobre o dicionario queremos facer de seguido unha escolma dos tipos de equivalencia problemáticos que foron aparecendo ó longo do noso traballo, sen aspirar a sermos exhaustivos<sup>4</sup>.

<sup>3</sup> Segundo a terminoloxía de Hans P. Kromann trataríase tanto dun dicionario pasivo como activo. Non nos parece moi axeitado falar dunha función pasiva, porque aínda que se está a traducir á lingua nai estase a crear un texto. Franz J. Hausmann (1994), p. 11, ofrece unha diferenciación máis ampla: “Les deux fonctions primaires sont la version et le thème. A second niveau, on peut distinguer la fonction compréhension (qui s’arrête à mi-chemin de la version) et la fonction production libre (qui ne part pas d’un texte donné qu’il s’agirait de traduire). La troisième fonction secondaire est la fonction apprentissage”. No caso do noso, como xa se expuxo, non se aspira a elaborar un dicionario de aprendizaxe e tampouco para a creación libre de textos.

<sup>4</sup> En parte serviunos como guía a clasificación dos problemas de equivalencia que ofrece W. Scholze-Stubenrecht (1995). Nós coma el queremos insistir en non aspirar a unha escolma completa universal, aínda que el expón catorce tipos diferentes, que se foron presentando na elaboración do *Duden-Oxford-Großwörterbuch Englisch*, feita pola Oxford University Press e a Redacción do Duden: “Vou expoñe-la problemática de equivalencia baixo 14 aspectos, que se foron producindo ó longo do traballo lexicográfico. A miña colección de casos problemáticos deixouse estruturar, coído, deste xeito o mellor posible. Daquela a presentación derivouse do material e na teoría sobre equivalencia nos dicionarios; por iso non reivindicamos ningunha validez universal fóra do proxecto, nin no sentido dunha integridade dos aspectos de equivalencia nin no sentido dos intentos expostos da solución dos problemas”. (A tradución ó galego é miña, vid. o orixinal Scholze-Stubenrecht 1995). Outra tipoloxía ofrecéncenla H. P. Kromann (1994) no seu artigo sobre tres tipos de equivalencia (*Äquivalenztypen*). Os primeiros son os “equivalentes completos” (*Vollständige Äquivalente*) ou “sinonimia interlingual”. En segundo lugar témo-los “equivalentes incompletos” (*Unvollständige Äquivalente*) ou “hiperonimia ou hiponimia interlingual”, e, finalmente, de terceiros os “sucedáneos de equivalentes” (*Äquivalenzsurrogate*) ou “equivalencias nulas”.

Vexámo-la palabra *abrigo*, que está definida no dicionario como primeira acepción “Protección contra os rigores do tempo”, cos sinónimos *abeiro*, *amparo* e *refuxio*; coma segunda “Cousa que abriga e protexe contra o frío, especialmente a prenda de vestir longa que se pon por riba do resto da roupa para abrigarse”, co sinónimo *gabán*; e como terceira “Lugar protexido contra os rigores do tempo”, cos sinónimos *abeiro* e *refuxio*. A idea central da palabra *abrigo* é, como se ve, a protección contra o mal tempo que se pode realizar de diferentes xeitos. Vemos que en alemán non podemos traducir esta idea central cunha verba só, senón que temos que recorrer a máis termos en alemán. Intentamos facer comprensible a diferenza da seguinte maneira.

**abrigo** *sm.* 1. *Schutz sm. (vor schlechtem Wetter / contra o mal tempo) Estas murellas son un bo abrigo contra o vento. Diese Mauern sind ein guter Schutz gegen den Wind. Unterschlupf sm. Cando empezou a chover serviunos de abrigo esta cabaña. Als es zu regnen anfing, hat uns dieser Maispeicher als Unterschlupf gedient.* 2. *Mantel sm. Viste o teu abrigo, se non vas pasar frío. Zieh dir deinen Mantel an, sonst wirst du frieren.*

Abofé que en alemán hai máis posibilidades de tradución, pero temos que ter en conta que partimos dunha base de doce mil entradas e que non podemos ser exhaustivos na cantidade de traducións que ofrecemos en alemán. É un problema que nos acompaña sempre no traballo lexicográfico. As frases de exemplo na primeira acepción procuran reflectir que se describe dun xeito máis xeral o abeirarse contra as inclemencias do tempo. A información suplementaria trala tradución *Schutz*, que quere dicir *protección* no sentido amplo da palabra, especifica aínda máis o contexto. Achamos necesario que vaia nas dúas linguas para que a persoa de fala galega se decate de que *Schutz* en alemán non está necesariamente relacionado co tempo, e para que a persoa de fala alemana vexa que *abrigo* é unha protección contra o mal tempo. Poderíase debater se non se lle engade unha información suplementaria á segunda tradución *Unterschlupf*. Tocante á segunda acepción, vese que a frase de exemplo deixa en evidencia que se trata dunha prenda de roupa. Considerando a variedade de equivalentes alemáns neste caso, poderíamos concluir que a diferenciación en alemán sexa maior que en galego. Pero sería unha conclusión moi a relativizar, porque ó elaborar a parte inversa do dicionario veríamos que unha verba tan xeral como *Schutz* ten diversas traducións no galego. Aquí hai simplemente unha organización lingüística diferente dos conceptos en cada idioma, da que xa falamos.

Abofé que en alemán hai máis posibilidades de tradución, pero temos que ter en conta que partimos dunha base de doce mil entradas e que non podemos ser exhaustivos na cantidade de traducións que ofrecemos en alemán. É un problema que nos acompaña sempre no traballo lexicográfico. As frases de exemplo na primeira acepción procuran reflectir que se describe dun xeito máis xeral o abeirarse contra as inclemencias do tempo. A información suplementaria trala tradución *Schutz*, que quere dicir *protección* no sentido amplo da palabra, especifica aínda máis o contexto. Achamos necesario

que vaia nas dúas linguas para que a persoa de fala galega se decate de que *Schutz* en alemán non está necesariamente relacionado co tempo, e para que a persoa de fala alemana vexa que *abrigo* é unha protección contra o mal tempo. Poderíase debater se non se lle engade unha información suplementaria á segunda traducción *Unterschlupf*. Tocante á segunda acepción, vese que a frase de exemplo deixa en evidencia que se trata dunha prenda de roupa. Considerando a variedade de equivalentes alemáns neste caso, poderíamos concluír que a diferenciación en alemán sexa maior que en galego. Pero sería unha conclusión moi a relativizar, porque ó elaborar a parte inversa do dicionario veríamos que unha verba tan xeral como *Schutz* ten diversas traducións no galego. Aquí hai simplemente unha organización lingüística diferente dos conceptos en cada idioma, da que xa falamos.

Emporiso hai veces en que se nos presenta o caso dunha verdadeira diferenciación maior nunha das dúas linguas, no caso a seguir a diferenciación en galego é maior ca en alemán, porque en Galicia se distingue entre *alma* e *ánima*. As almas empréganse en xeral para se referir na relixión á parte espiritual, inmortal do corpo, ou mesmo como sinónimo de espírito. É máis, noutros contextos, por exemplo, pódese dicir ‘unha aldea ten trescentas almas’ ou nun sentido abstracto ‘É a alma do equipo’. Nestes sentidos case sempre se pode traducir por *Seele* en alemán. Emporiso só se fala da *ánima*, cando se trata da “alma dos mortos que está no purgatorio” (*Diccionario da Lingua Galega*, 1990). Pero na lingua alemana non existe termo específico para esta realidade, así nese mesmo caso emprégase *Seele* tamén. Esta falta de termo poderíase compensar cun comentario no equivalente alemán. Poñemos daquela para a entrada *ánima* como equivalente en alemán *Seele*, pero acompañado dun apuntamento entre parénteses (dos mortos no purgatorio/ der Toten im Fegefeuer). A frase de exemplo *Reza polas ánimas dos mortos Er/sie betet für die Seelen der Toten* axuda a captar aínda máis a idea de *ánima*.

Por veces sucede que nos temos que enfrontar con palabras que non teñen ningún tipo de equivalente como é o caso de *aquejar* que só se pode transportar ó alemán cunha explicación que nos faga comprender que en Galicia se pode *aquejar* case todo. Míromo-la entrada no noso dicionario:

**aquejar** vt. (*Verb ohne bestimmte Bedeutung, das umgangssprachlich verwendet wird, wenn der/die Sprecher-in das eigentlich passende Wort nicht findet. Seine Bedeutung ist vom Kontext abhängig, z.B. / Verbo de sentido vago, que se usa na lingua coloquial cando o/a falante non atopa a palabra adecuada. O seu significado depende do contexto, p.e.) wieder ganz machen vt. Intentei aquela-la radio. Ich versuchte das, Radio wieder ganz zu machen. / kaputtmachen vt. Como sigas así vas aquela-la radio. Wenn du so weiter machst, dann machst du das Radio noch kaputt. / nerven vt, (jdn) auf die Nerven gehen vi. Non a sigas aquelando coas túas chamadas. Hör auf, ihr mit deinen Anrufen auf die Nerven zu gehen. // ~ vp. kaputtgehen vi. Como non coides mellor a túa bici váiseche aquejar. Wenn du dein Rad nicht besser pflegst, wird es dir noch kaputtgehen. / sich aufregen refl. Non te aqueles tanto, non foi culpa miña. Reg dich nicht so auf, es war nicht meine Schuld.*

Como *aquelar* pertence a un rexistro coloquial procuramos ó escolle-las palabras alemanas movérmonos no mesmo rexistro e por esta razón non o marcamos en alemán. De non haber termo en alemán que reflectise a coloquialidade habería que indicalo. Este exemplo móstranos moi ben os límites da lexicografía bilingüe. Témonos que preguntar se se deberían dar máis traducións en alemán, para recoller mellor o verbo, pero ó mesmo tempo preséntasenos outra dificultade. Ó quereremos que ámbalas partes do dicionario formen un corpus pechado, debemos pensar en que cada palabra alemana aquí ofrecida teríase que poñer coma entrada na parte inversa. Consultando por exemplo a voz alemana *wieder ganz machen*, que literalmente significa “volver facer enteiro”, vemos que no Duden (Duden, 1989) non se representa coma entrada propia, senón coma posibilidade de colocación do adxectivo *ganz*. A maiores dáseno-lo caso aquí de ter que traducir unha sola palabra por unha expresión de varias palabras. Esa problemática tocaremos máis adiante.

Outro exemplo que fornece a posibilidade dunha tradución parcial é a voz *aturuxo*. Podémoslle engadir á tradución *Jauchzer* a explicación de que se trata dun berro prolongado, semellante a un dos cantos tiroleses, que se emprega nas festas ou nas cancións galegas en sinal de alegría. No dicionario a entrada aparecerá da seguinte maneira.

**aturuxo** *sm.* **Jauchzer** *sm* (*dem Jodler ähnlicher, langandauernder Schrei auf Festen oder in galicischen Liedern als Zeichen von Heiterkeit / berro semellante ó canto tirolés, prolongado, que se emprega nas festas ou nas cancións galegas en sinal de alegría*)

Coidamos, en xeral, que podemos dicir que canto máis representa un termo a mentalidade ou a cultura dun pobo máis difícil resulta encontrar un equivalente noutra lingua. Isto tamén nos pode levar a crear realidades nun dos dous mundos que tocan o noso dicionario. O pobo galego, como sabemos, é un pobo de tradición católica, mentres que en Alemaña teñen bastante relevancia tanto a relixión católica como a protestante. En Alemaña dáse tamén o caso “dunha cura protestante”, dentro da relixión cristiá protestante; chámase *Pastorin*. Por suposto unha persoa galega non está afeita a escoia-la secuencia “unha cura”. Daquela para crear esta realidade no lado galego do dicionario podemos recorrer ó termo *a pastora* –unha voz que ten un uso feminino común–, sobre todo tendo en conta que a voz *pastor* ten, así mesmo, a acepción de guía espiritual.

Outro dos problemas que se nos presentan é que ó ofrecermos para unha voz galega un equivalente en alemán no nivel semántico, ámbolos dous non se correspondan noutros ámbitos, como pode se-lo ámbito pragmático, terminolóxico ou da frecuencia e outros máis. En principio non debería ser problemático traducir unha palabra que pertenza, un supoñer, a certo nivel estilístico ou pragmático por unha do mesmo nivel na lingua de chegada. Traducindo a palabra *tórax* vemos que non nos causa ningún problema, porque equivale ó alemán *Thorax*. Ámbalas dúas son cultismos e coinciden a nivel semántico. Pero o caso da palabra *avó*, *avoa* é diferente. Por suposto existe en alemán a mesma diferenciación de xénero, *Grovater* e *Großmutter*. Pero tamén pode-

mos dicir *Opa* e *Oma*. A diferenza entre *Großmutter* e *Oma*, que significan *avoa*, é que o segundo termo é utilizado máis ben en contextos familiares ou polos nenos e as nenas. É parecida á diferenciación do galego entre *nai* e *mamá*<sup>5</sup>. Aínda que hoxe en día dirixíndose unha persoa adulta a un amigo podería empregar *Oma* mentres non é frecuente que unha persoa adulta en Galicia falando da súa nai diga *miña mamá*. Resumindo a palabra *Oma* non só é da linguaxe infantil senón tamén pode indicar certa confianza entre os falantes e ten unha connotación máis afectiva. Este cambio de equivalencia pragmática pódese sinalar engadindo un comentario entre parénteses que explique o caso ou utilizando só a abreviatura *fam.* (de familiar). Partindo da idea de que unhas boas frases de exemplo sempre aclaran máis ca calquera comentario e aínda tendo en conta que os comentarios son moi discutibles chegamos á seguinte conclusión:

**avó,-oa** *s.* *Großmutter sf., Großvater sm. Queríalle pedir poder facer unha entrevista coa súa avoa. Ich wollte Sie bitten, ein Interview mit ihrer Großmutter machen zu dürfen. Oma sf fam, Opa sm fam. Xa lle dixen ós nenos que imos a casa da avoa a fin de semana. Ich habe den Kindern schon gesagt, dass wir am Wochenende zu Oma fahren.*

No exemplo seguinte, como se verá, trátase de algo máis ca dun cambio pragmático. A voz *apendicite* corresponde en alemán a dúas palabras *Appendizitis* e *Blinddarmentzündung*. A segunda, non é especialmente de uso familiar nin formal e sería o equivalente máis axeitado e de uso máis frecuente. A primeira, *Appendizitis*, á parte de ser un cultismo, é unha voz que xa pertence á terminoloxía específica da medicina. Trátase non só dun cambio no plano estilístico, senón tamén no terminolóxico, que se podería indicar cunha abreviatura como *med.* (de medicina) ou cun símbolo. No noso dicionario marcámo-la diferenza, de momento, do seguinte xeito, aínda que queda por ver se se suprime a tradución *Appendizitis* en alemán pola simple razón de cuestionarnos se un dicionario destas características debe rexistrar termos específicos:

**apendicite** *sf.* *Blinddarmentzündung sf. Ingresárono no hospital por apendicite. Er wurde wegen Blinddarmentzündung ins Krankenhaus eingeliefert. Appendizitis sf med. Na revista de medicina saíu un artigo sobre apendicite. In der medizinischen Zeitschrift erschien ein Artikel über Appendizitis.*

Falando de que *Blinddarmentzündung* é de maior uso lévanos a outro tipo de equivalencia que pode ser problemática. Referímonos á equivalencia de uso ou frecuencia con que se utilizan os termos nunha lingua ou na outra. Diciase antes que as linguas diferencian, segundo as necesidades culturais, os respectivos conceptos. En Galicia hai unha grande riqueza de léxico do mundo do mar e da terra. En Alemaña pode existir unha diferenciación tan detallada deste mundo, pero sendo unha sociedade xa menos rural, non se ten tan presente ese léxico. Por suposto que teñen que aparecer estas entradas

<sup>5</sup> De feito *Oma* e *Opa* son transformacións dos termos *Großmama* (“mamá grande”) e *Großpapa* (“papá grande”).

tanto na parte galego-alemana coma na inversa, para sermos coherentes coa idea de amosa-las dúas realidades extralingüísticas o máis fielmente posible. Pero ás veces vemos que a tradución ó alemán dá unha palabra de pouco uso. Vexámo-la palabra *artesa*, que é un recipiente normalmente de madeira e que se utiliza para amasa-lo pan ou gardalo nel, en alemán sería *Backtrog* ou nalgunhas zonas *Backmulde*. Ningunha das dúas palabras se utilizan con frecuencia en alemán. É discutible se conseguimos marcar suficientemente a través da frase de exemplo que se trata dunha realidade que pertence máis ben á xeración anterior e se damos explicado o termo a través do contido da frase:

**artesa** *sf.* *Backtrog sm.* *Cando era pequeno a miña avoa amasaba a masa do pan nesta artesa. Als ich klein war, knetete meine Oma den Brotteig in diesem Backtrog.*

O termo *Backtrog* pódelle ser estraño á xente nova, aínda que se podería deduci-lo contido da palabra, porque *Trog*, de uso frecuente, é un recipiente en xeral para darlle de comer ós animais, e *Back* está relacionado con *backen*, que quere dicir *cocer pan, biscoitos, etc.* Queda por discutir se a frase de exemplo deixa suficientemente claro que a palabra alemana non é de moito uso.

Vexamos outro caso problemático, que é cando nos atopamos coa equivalencia no nivel concreto pero a non equivalencia no nivel metafórico. Á parte de indica-lo cambio de nivel cun *fig.* as frases evitan moi ben erros por parte do falante ó aclara-la colocación da palabra. Velaquí a entrada seguinte.

**acariciar** *vt.* 1. *streicheln.* *Acariciáballe a cabeza. Er/sie streichelte ihm/ihr den Kopf.* 2. *fig.* (Wunsch, Absicht, Plano / desexo, idea, plano) *hegen.* *Pedro acariciaba o desexo de emigrar dende había anos. Pedro hegte seit Jahren den Wunsch auszuwandern.*

Podemos dicir en galego que *acariciamos* unha idea ou un desexo, pero temos que acudir en alemán a outro lexema. O máis axeitado pareceunos *hegen*. A voz alemana utilízase nun sentido concreto primeiro para coidar e protexe-lo bosque e os seus animais. Nunha segunda acepción tamén se emprega para coidar a alguén ou algo. No seu sentido figurado pertence a unha linguaxe culta –coma a expresión *acariciar unha idea* ou *un desexo*– pero aplícase nun contexto máis amplo, por exemplo, falando de respecto, sentimentos amigables, rancor etc. Mediante a información suplementaria entre parénteses e mailo exemplo escollido quérese indicar que *acariciar* se emprega nun contexto máis restrinxido ca *hegen* en alemán (vid. Duden 1989).

Máis complicado se nos presenta o caso do verbo *adormentar*. Como primeira acepción en galego aparece: “producir sono ou facer durmir a alguén” (*Diccionario da Lingua Galega*, 1990). No paradigma alemán é preferible diferencialo aínda máis, porque para producir sono, por exemplo, a causa da calor ou do aburrimiento, diríamos *einschläfern*. Non se empregaría para facer durmir a alguén, porque *einschläfern*, noutro contexto, significa narcotizar ou matar un animal (cunha inxección sen que sufra). Para facer durmir un neno ou unha nena diríamos *in den Schlaf wiegen* ou *singen*, que sería



en galego *arrolar* ou *cantar para que entre en sono*. Outra solución en alemán sería a construción co verbo *bringen*, que non mantén o seu significado principal que é *levar* ou *traer*, senón que expresa a idea de *conseguir/facer que alguén faga algo*. Podemos dicir, por exemplo, *zum Weinen bringen* que equivale a *facer chorar* ou *zum Lachen bringen* para *facer rir*, ou no noso caso *zum Einschlafen bringen* (*facer durmir*). A segunda acepción galega representa o concepto “fig. Facer perde-la viveza das sensacións ou dos sentimentos” e dá a frase de exemplo “Nunca logrou adormenta-las súas ansias de aventura” (*Diccionario da Lingua Galega*, 1990). Neste caso outra vez temos que recorrer a outro lexema en alemán, que pode ser *besänftigen*, que transmite a idea de “calmar”. Vexámo-la entrada.

**adormentar** vt. 1. *einschläfern* vt. *Adormentábame o murmurio do río. Das Rauschen des Flusses schläferete mich ein.* 2. *in den Schlaf singen* vt. (*cantar*)/*wiegen* vt. (*arrolar*<sup>1</sup>) *Cando era pequena a miña nai adormentábame (cantándome). Als ich klein war, hat meine Mutter mich in den Schlaf gesungen. Pedro adormenta a súa irmá (arrolando). Pedro wiegt seine Schwester in den Schlaf.* *zum Einschlafen bringen* vt. *Adormenteino por fin léndolle un conto. Ich habe ihn endlich zum Einschlafen gebracht, indem ich ihm ein Märchen vorgelesen habe.* SIN. **durmir**. 3. *fig. besänftigen* vt. *Por moito que lle falara non conseguín adormenta-la súa ira. Ich konnte ihm sagen, was ich wollte, aber ich konnte seinen Zorn nicht besänftigen.*

Á parte dos problemas do significado e do uso das palabras podemos dar con outros sobre o significante. Temos, poñamos por caso, o adxectivo galego *acuático* que se utiliza para cousas tanto pertencentes ou relativas á auga como para seres que viven nela; por exemplo *deportes acuáticos* ou *plantas acuáticas*. En alemán para representar esta idea non podemos utilizar un adxectivo, senón que hai que acudir a un substantivo compoñendo unha nova palabra. Así dicimos *Wassersport* (“*augadeporte*”) ou *Wasserpflanze* (“*augaplanta*”).

**acuático-ca** adx. *Wasser-* s. *Practica todo tipo de deportes acuáticos. Er/sie betreibt alle Arten von Wassersport. Plantas acuáticas. Wasserpflanzen. Animals acuáticos. Wassertiere.*

Como só ofrecémo-lo determinante da composición alemana, non podemos especifica-lo xénero, pero indicamos coa abreviatura *s.* que se trata dun substantivo.

Pero mesmo, ás veces, non só temos que cambia-la categoría gramatical, senón que hai que traducir un lexema por un sintagma, como xa vimos cando se traduciu *aquelar* por *auf die Nerven gehen*, *adormentar* por *in den Schlaf singen* e como ocorre no caso de *aramar* que en alemán equivale a *mit einem Draht umzäunen*, que sería *cerrar cun arame*, porque non temos un verbo explícito para esa idea. Así é como se intenta reflectir no dicionario:

**aramar** vt. *mit einem Draht um-,ein-zäunen* vt. *Aramaron a finca. Sie haben das Grundstück mit einem Draht umzäunt.*

Tocante ó adxectivo *abusón,-na* o problema é aínda máis extremo. Temos en alemán en principio o adxectivo *ausbeuterisch* que equivalería a *explotador* –non é exactamente o mesmo, pero que nos podería valer para falar dun xefe moi abusón–. De querermos falar dunha persoa que é abusona porque se aproveita das debilidades dos demais, temos que utilizar unha frase de relativo en alemán. Collendo o exemplo do *Diccionario da Lingua Galega* de 1990 “Ese rapaz é moi abusón, sempre lle anda a pegar ós nenos máis pequenos ca el”, temos que dicir en alemán que este rapaz abusa ou se aproveita da súa forza e lle anda pegando ós nenos. Na entrada seguinte verase que non propoñemos ningún lexema en alemán, senón dous verbos na forma de participio de presente, que van en cursiva, pero entre parénteses, para destaca-lo seu carácter explicativo.

**abusón, -ona** *adx.* (*mißbrauchend partpres., ausnutzend partpres.*) *Ten un xefe bastante abusón, faino traballa-los domingos pola mañá. Er wird von seinem Chef ziemlich ausgenutzt, er läßt ihn sonntagsmorgens arbeiten.*

Como derradeiro punto queremos toca-la problemática de equivalencia emotiva, que é tan importante como difícil de expoñer, porque a relación emotiva que pode ter un ou unha falante cun lexema non só depende da sociedade de fala senón tamén de cada persoa en si. Por suposto que se trata dun fenómeno co que se atopa calquera persoa entendendo un traballo contrastivo entre dúas linguas. É por exemplo un tanto difícil explicar a partir de cando unha persoa galega lle chama a outra persoa *amigo* ou *amiga*. Pero de mirármolo caso do termo *nacionalismo*, un exemplo bastante drástico, decatámonos do grao de dificultade que pode chegar a ter ese tipo de equivalencia, porque se trata dun termo político que varía moito segundo os seus contextos e no noso caso trátase de dúas sociedades cun pasado moi diferente. Cremos que non é preciso aquí conta-las historias de ámbolos dous países, pero coidamos que sería interesante contrasta-las dúas definicións que se dan no diccionario monolingüe galego e no Duden alemán. No primeiro deles lemos: “*Doutrina política que exalta o sentimento nacional e, no caso das nacións sen estado, defende a liberdade da comunidade nacional na decisión de forma política (independencia, federacións, etc.) que queira adoptar para si*”. Vén engadido o exemplo “*Teorías sobre o nacionalismo galego*” (*Diccionario da Lingua Galega*, 1990). O Duden pon “*a*” (*sobre todo pexorativo*) *consciencia de nación excesiva*”. Ofrecéno-lo exemplo de *nacionalista cerrado* (*engstirrig*), e di na segunda acepción “*b*” (*raramente*) *O espertar da autoestima dunha nación coa pretensión de fundar un estado propio*” (Duden 1989). Comparando as dúas definicións vemos que no diccionario alemán desátase máis o matiz pexorativo. Por suposto que a palabra *nacionalismo* causa arrepió e ten unha carga emocional negativa en Alemaña. Consideramos moi conveniente poñer un pequeno comentario nesta clase de casos nun diccionario bilingüe. Un termo relacionado con *nacionalismo* en Galicia é a voz *galeguismo* para o que, a parte de o explicar, se podería ofrece-la xermanización do termo *galeguismo*, *Galegismus*.

Queda por discutir se a lexicografía bilingüe é o lugar acaído para este tipo de propostas. Sobre todo tendo en conta que ese termo, en principio, é un neoloxismo. O caso

da *pastora* é diferente, porque non se está a crear un lexema senón a dar unha acepción a maiores, que expresa unha realidade que se dá no mundo alemán. Ó enfrontármonos cos límites da lexicografía bilingüe vemos que un dicionario entre dúas culturas non só é útil para comprender e traducir, senón que serve para descubriremos outras realidades extralingüísticas e máis ó contrastalas coas nosas e, en definitiva, para comprendermos mellor o noso propio mundo.

## BIBLIOGRAFÍA

- Bergentholz, Hennig, “Die empirische Basis zweisprachiger Wörterbücher, am Beispiel eines madagassisch-deutschen Wörterbuchs”, *Lexicographica / Series Maior 56. (Portugiesische und portugiesisch-deutsche Lexikographie)*, 1994, pp. 47-63.
- Carvalho, José G. H. de, “Was ein gemeinsprachliches Wörterbuch enthalten muß und was es nicht bieten kann”, *Lexicographica / Series Maior 56. (Portugiesische und portugiesisch-deutsche Lexikographie)*, 1994, pp. 89-93.
- Duden, *Deutsches Universalwörterbuch*. Herausgegeben und bearbeitet vom Wissenschaftlichen Rat der Dudenredaktion unter Leitung von Günther Drosdowski. 2, völlig neu bearbeitete und stark erweiterte Auflage. Mannheim, Wien, Zürich, 1989.
- Dörner, Andreas, “Politische Lexik in deutschen und englischen Wörterbüchern. Metalexikographische Überlegungen und Analysen in kulturwissenschaftlicher Absicht”, *Lexicographica / Series Maior 42*, 1992, pp. 123-145.
- Hausmann, Franz J., Reichmann Oskar, Wiegand Herbert E., Zgusta Ladislav (ed.) *Wörterbücher. Ein internationales Handbuch zur Lexikographie*, Berlin, New York: Walter de Gruyter, 1989-1991.
- “Typologie du dictionnaire général bilingue”, *Lexicographica / Series Maior 56. (Portugiesische und portugiesisch-deutsche Lexikographie)*, 1994, pp. 11-31.
- Hermann, Fritz, “Emotion im Wörterbuch. Zur Lexikographie von affektiver Lexik”, *Lexicographica / Series Maior 70*, 1996, pp. 256-278.
- Hohulin, Lou E., “The Absence of Lexical Equivalence and Casis of its Asymmetry”, *Lexicographica 2*, 1986, pp. 43-52.
- Jung, Lothar, “Können Sie mir bitte 10 000 Lire ändern? Überlegungen zur Frage nach zweisprachiger Wortschatzarbeit im Unterricht Deutsch als Fremdsprache für Italiener”. Horst Haider Munske, Peter von Polenz, Oskar Reichmann, Reiner Hildebrandt (ed.) *Deutscher Wortschatz. Lexikologische Studien*, Berlin, New York: Walter de Gruyter, 1988, pp. 865-877.
- Kromann, Hans-Peder, “Paradigmatische und syntagmatische Relationen im zweisprachigen Wörterbuch”, *Die Lexikographie von heute und das Wörterbuch von morgen. Linguistische Studien. Reihe A: Arbeitshefte 109*, 1983, pp. 330-345.
- “Zur funktionalen Benutzerperspektivierung bei der Äquivalentdarbietung in einem zweisprachigen Wörterbuch mit Deutsch und Portugiesisch”, *Lexicographica / Series Maior 56. (Portugiesische und portugiesisch-deutsche Lexikographie)*, 1994, pp. 35-45.
- Mugdan, Joachim, “Zur Typologie zweisprachiger Wörterbücher”, *Lexicographica / Series Maior 42*, 1992, pp. 25-48.
- Plum, Sabine, “Gefühlswörter im Wörterbuch. Überlegungen zur lexikographischen Bedeutungserläuterung des emotionalen Wortschatzes”, *Lexicographica / Series Maior 42*, 1992, pp. 169-182.
- Ponten, Jan-Peter, “Zum Programm eines bilingualen Wörterbuchs. Ein Beitrag zur niederländisch-deutschen Lexikographie”, en: Zgusta, Ladislav. (ed.) (1985) *Probleme des Wörterbuchs. (Wege der Forschung 612)*, Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft, 1975, pp. 199-221.

- Rettig, Wolfgang, "Die zweisprachige Lexikographie Französisch-Deutsch, Deutsch-Französisch. Stand, Probleme, Aufgaben", *Lexicographica 1*, 1985, pp. 83-124.
- Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega, *Diccionario da lingua galega*, A Coruña - Santiago de Compostela, 1990.
- Rey, Alan, "Les écarts culturels dans les dictionnaires bilingues", *Lexicographica 2*, 1986, pp. 33-42.
- Scholze-Stubenrecht, Werner, "Äquivalenzprobleme im zweisprachigen Wörterbuch. Ein Erfahrungsbericht", *Germanistische Linguistik 127-128*, 1995, pp. 1-16.
- Schnorr, Veronika, "Translational Equivalent and/or Explanation? The Perennial Problem of Equivalence", *Lexicographica 2*, 1986, pp. 52-60.
- Silva, Jaime F. da, "Zum Stand der zweisprachigen Lexikographie Deutsch-Portugiesisch/Portugiesisch-Deutsch: allgemeinsprachliche Äquivalenzwörterbücher", *Lexicographica / Series Maior 56 (Portugiesische und portugiesisch-deutsche Lexikographie)*, 1994, pp. 67-85.
- Tarp, Sven, "Wörterbuchfunktionen: Utopische und realistische Vorschläge für die bilinguale Lexikographie", *Germanistische Linguistik 127-128*, 1995, pp. 17-61.
- Werner, Reinhold, "Zum Stand der zweisprachigen Lexikographie Deutsch-Spanisch, Spanisch-Deutsch", *Lexicographica 2*, 1986, pp. 127-161.